

## NORMATIVA ESPECÍFICA PARA OS PROGRAMAS DE GRAOS ABERTOS NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión do 22 de abril de 2020  
Modificada polo Consello de Goberno na súa sesión do 31 de marzo de 2022

(texto consolidado)

A Universidade da Coruña, no seu obxectivo de ofrecer alternativas de formación que melloren a oferta dispoñible, posibilita que un estudante poida comezar os seus estudos na universidade sen necesidade de decidir inmediatamente o grao que cursar, mediante a proposta de dous programas de grao aberto: o grao aberto en Enxeñaría Industrial, na rama de Enxeñaría e Arquitectura, e o grao aberto en Ciencias Sociais e Xurídicas, na rama de Ciencias Sociais e Xurídicas.

Para a posta en marcha destes programas de grao aberto resulta necesario regular determinados aspectos, nomeadamente:

### *Artigo 1. Duración do programa*

Tanto o grao aberto en Enxeñaría Industrial como o grao aberto en Ciencias Sociais e Xurídicas terán unha duración de dous cuatrimestres (un curso académico), logo dos cales o alumnado terá que optar por un grao de destino de entre aqueles que participan no programa, independentemente do número de créditos superados polo/a alumno/a.

### *Artigo 2. Centro responsable das xestións administrativas dos graos abertos*

Co fin de facilitar as distintas xestións académicas e administrativas, acórdase designar un centro responsable da tramitación e custodia do expediente académico do/a estudante como alumno/a do grao aberto. Unha vez que o estudante opte polo seu grao de destino, o expediente académico trasladarase ao centro responsable do grao definitivo.

Para o grao aberto en Enxeñaría Industrial o centro responsable será a Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol.

Para o grao aberto en Ciencias Sociais e Xurídicas o centro responsable será a Facultade de Economía e Empresa.



### *Artigo 3. Centros de impartición do ensino*

A impartición das materias deste programa realizarase no centro que corresponder segundo as disciplinas que seleccione o estudiantado, e nos grupos xa constituídos nas titulacións que participan no programa. Non obstante, o alumnado constituirá un grupo propio nas actas oficiais de cualificacións.

### *Artigo 4. Número de estudantes*

O límite no número de estudantes de novo ingreso será o que oportunamente aprobe o Consello de Goberno, de conformidade coa normativa vixente.

### *Artigo 5. Acceso e admisión de estudantes*

Só poderán acceder a un programa de grao aberto aqueles estudantes que reúnan os requisitos legais de acceso para todos os graos que participan no programa.

A solicitude de admisión para cursar o programa realizarase polo mesmo procedemento que para o resto de titulacións ofertadas pola Universidade da Coruña.

Para ser admitido no programa, o alumnado deberá contar cunha nota de acceso á universidade que será, como mínimo, igual á máis alta de todas as titulacións de grao integradas no programa. Como referencia, a CIUG empregará as notas de corte desas titulacións no curso académico anterior ao solicitado.

### *Artigo 6. Matrícula*

O estudiantado admitido por primeira vez no grao aberto deberase matricular en réxime de dedicación a tempo completo de 60 créditos ECTS de materias de, cando menos, dous dos títulos que integran o grao aberto.

Os estudantes formalizarán a matrícula, no momento de ser convocados, dunha materia xenérica do grao aberto de 30 ECTS por cada cuadrimestre.

Antes do comezo das aulas, o estudiantado do grao aberto será convocado polo titor académico do programa para unha entrevista persoal onde será orientado sobre as materias das que se matricular segundo os seus intereses.

Unha vez seleccionadas as materias que cursará, e sempre antes do comezo das aulas, o estudiantado solicitará no centro responsable do grao aberto a asignación no seu expediente das ditas materias. Para estes efectos terase en



conta o debido equilibrio de carga lectiva en número de créditos por cada cuatrimestre.

Non será posible facer matrícula de continuación en ningún dos graos abertos, toda vez que o programa ten unha duración dun curso académico, finalizado o cal o/a estudante debe optar por un grao de destino.

O estudantado poderá desistir da súa matrícula de acordo co que dispuxer a Normativa de xestión académica que rexa en cada curso académico.

### *Artigo 7. Permanencia*

O alumnado de primeiro curso matriculado no grao deberá superar nese curso académico o número mínimo de créditos establecidos na norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e progresión dos estudantes de grao e máster na UDC. Se a/o alumna/o non supera ese mínimo de créditos, pero quere matricularse nalgún dos graos vinculados ao grao aberto, deberá solicitar autorización para se matricular no grao de destino elixido. O centro en que se imparte o grao de destino elixido concederá a dita autorización e indicarlle expresamente á/ao alumna/o os requisitos de permanencia que ten que cumprir no curso académico en que se matricula.

Ademais, unha vez cursado o primeiro curso, o estudante non poderá permanecer e deberá acceder a un grao dos participantes no programa, de conformidade cos requisitos establecidos na normativa.

### *Artigo 8. Abandono do programa de grao aberto en Ciencias Sociais e Xurídicas (sen contido)*

### *Artigo 9. Acceso ao grao de destino e recoñecementos específicos*

Unha vez finalizado o programa de grao aberto, o estudantado poderá acceder a calquera dos graos integrados no programa.

Ao alumnado que cursar o programa de grao aberto recoñeceránselle os créditos das materias cursadas no programa polos créditos que constan nos anexos correspondentes da descrición de cada un dos graos abertos, logo de as superar e coa equivalencia en puntos correspondente á cualificación obtida no grao aberto.



Os recoñecementos serán resoltos polo decano ou director do centro correspondente ao grao de destino tras a solicitude do/a estudante despois de ar revisar a Administración do centro. Este recoñecemento terá carácter gratuito.

*Artigo 10. Programa de formación complementaria nos programas de grao aberto*

O Programa de formación complementaria está dirixido ao estudiantado que xa estea matriculado dun título de grao a través do programa de grao aberto, coa finalidade de que este poida seguir adquirindo coñecementos e competencias dos distintos graos que integran o programa de grao aberto unha vez que accede ao grao de destino.

Para participar no Programa de formación complementaria, o estudiantado deberá superar o 75 % dos créditos matriculados no curso académico anterior.

O estudiantado poderá elixir calquera materia das ofertadas como formación complementaria no programa do grao aberto da súa procedencia, cun máximo de 15 ECTS por cuatrimestre, sempre que se cumpra coa norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e progresión dos estudantes de grao e máster na UDC.

A matrícula das materias de formación complementaria realizarase despois da matrícula ordinaria na Administración do centro onde curse os estudos de grao o/a alumno/a, unha vez que se comprobe que cumpre os requisitos e se respecten, de ser o caso, os criterios de prelación que se establezan.

As materias superadas no programa de grao aberto, que non foran obxecto de recoñecemento no grao de destino, serán transferidas ao expediente do alumno mediante o procedemento de transferencia de créditos. Non se transferirán as materias que o alumnado supere no programa de grao aberto e recoñeza no grao de destino.

A formación complementaria formará parte do expediente académico do estudiantado, e incluírase nas certificacións académicas e no suplemento europeo ao título (SET).

Expediráselle un Diploma de Formación Complementaria a aqueles estudantes que superasen un mínimo de 36 ECTS en graos diferentes ao grao de destino no programa de grao aberto.

O diploma de formación complementaria denominarase Diploma de Formación Complementaria en Enxeñaría Industrial ou en Ciencias Sociais e Xurídicas, segundo corresponda.



As cualificacións das materias do Programa de formación complementaria non se considerarán para os efectos do cómputo da nota media.

### **Disposicións finais**

**Primeira.** A UDC resérvase o dereito de non ofertar, para promocións sucesivas, os programas de grao aberto que regula esta normativa se a demanda deste non se correspondese coa oferta académica anual.

**Segunda.** Correspóndelle á vicerreitoría con competencias en titulacións a interpretación e resolución de cantas cuestións xurdiren en aplicación desta normativa.

**Terceira.** Todos os aspectos académicos e administrativos relacionados con estes estudos que non estean establecidos nesta normativa serán regulados pola Normativa de xestión académica correspondente a cada curso académico e polas demais normativas da UDC que resulten de aplicación.